

03/06/2019

V PREMIO LITERARIO NORTEAR

A Consellería de Cultura e Turismo, a Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, poñen en marcha unha nova edición do Premio Literario NorteAr, un certamen que tende pontes de colaboración e permite que a xuventude galega e portuguesa estableza vías de diálogo entre as dúas literaturas.

Este premio ten como obxectivos:

- Promover a aparición de novos escritores.
- Incentivar a produción de obras inéditas no ámbito da ficción.
- Incentivar a creatividade literaria entre os novos escritores residentes na eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.
- Destacar, anualmente, obras literarias orixinais.
- Promover a circulación e distribución de obras literarias máis a ló das fronteiras.

Poderán participar as persoas nadas na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos, que deberán presentar as súas obras no seguinte enderezo:

Agrupación Europea de cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal
Edificio CETMAR,
Rúa Eduardo Cabello, s/n
36208 BOUZAS - VIGO
arodrigues@gnpaect.eu

Lembrámosvos que o prazo de presentación das obras será ata o 28 de xuño de 2019 (inclusive) e que podedes consultar toda a información nas [bases da convocatoria](#).



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Bases V Premio Literario Nortear

V Premio Literario Nortear

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/v-premio-literario-nortear>